



CIRCULAR INFORMATIVA -CAMPOS DE TRABAJO 2011:

Os beneficiarios dos campos de traballo chegarán a un aeroporto en Galicia (preferentemente ao de Santiago de Compostela) e será a Secretaría Xeral da Emigración a que se faga cargo dos traslados tanto de ida como de volta ás instalacións do campo de traballo que lle corresponda. Os que desexen permanecer en Galicia despois de rematado o tempo de campo de traballo, deberán abandonar o albergue pola súa conta.

As prazas de campos de traballo adxudicadas aos beneficiarios son as expostas na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración a instalación, modalidade, e quenda correspondente a cada beneficiario. Estas prazas foron distribuídas segundo a o disposto na convocatoria do Programa Campaña Verán-2011, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Aqueles beneficiarios que teñan a instalación nas Illas Cíes, deben vir provistos de esterilla e saco de durmir.

As modalidades segundo a instalación que corresponda a cada beneficiario son as seguintes:

- **Cabana de Bergantiños e As Corcerizas (Vilar de Barrio)** modalidade AMBIENTAL
- **Rois (A Coruña):** modalidade ARQUEOLOXIA
- **Palas de Rei I e II (Lugo):** modalidade ANIMACION SOCIOCULTURAL
- **Ourense:** modalidade SOCIAL
- **Illas Cíes I, II, III:** modalidade AMBIENTAL

Adxudicadas as prazas aos beneficiarios, estes deberán vir provistos de roupa cómoda e adecuada para o campo de traballo, recomendase roupa deportiva, chubasqueiro e algunha roupa de abrigo por se fose preciso, así como deberán de traer un saco de durmir e esterilla.

As modalidades que lles corresponden a estes campos de traballo segundo se indica serán: arqueoloxía, animación sociocultural, social, ambiental. Trátase de actividades de colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos na procura dun maior coñecemento da nosa cultura, mellora ambiental e recuperación do patrimonio cultural e arquitectónico. Ademais ofrécese un programa de actividades de convivencia, de animación, de lecer e tempo libre.

Para unha maior información do campo de traballo, lugar, traballos a realizar etc poderán consultar a páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado www.xuventude.net.

As datas de retorno dos beneficiarios unha vez fixadas definitivamente na páxina web de esta Secretaría Xeral, agás que se modifiquen no prazo establecido, estas serán inamovibles. As saídas de regreso ao país de orixe, deberán ser todas dende un



aeroporto de Galicia, preferentemente dende Santiago de Compostela, non sendo posible saír dende outras cidades fóra de Galicia.

Cobertura sanitaria dos participantes que se quedan en Galicia ao finalizar a actividade de campamento.

1.- Informámoslles que o dereito á asistencia sanitaria destes mozos e mozas mantense durante un período máximo de 3 MESES a contar desde o día en que chegaron a España, pero coas seguintes limitacións:

- 1.- Só asistencia sanitaria de URXENCIA e sen dereito ás medicinas que poidan necesitar fóra do hospital.
- 2.- Só asistencia sanitaria en territorio do SERGAS (Servizo Galego de Saúde), é dicir, **só en Galicia**, non no resto de España.

Os mozos e mozas que pensen permanecer máis tempo en España, unha vez rematada a súa estadía nos campamentos, deberán valorar a conveniencia de realizar un seguro privado de atención sanitaria.

2.- Por outro lado, aqueles beneficiarios que teñan expedida **tarxeta sanitaria** para os galegos residentes no exterior, poderán facer uso dela durante a súa estancia en Galicia e acceder a asistencia sanitaria prestada polo sistema público de saúde da Comunidade.